Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

CONCELLO
DE
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

# ANUNCIO

O Pleno do Concello de Fornelos de Montes, en sesión de data 27 de outubro de 2016, acordou aprobar, con carácter provisional, a modificación das tarifas establecidas na ordenanza fiscal a taxa de piscina municipal

Queda exposto nas oficinas municipais o expediente tramitado para os efectos, durante o prazo de 30 días hábiles, contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De non presentarse reclamacións, entenderase o acordo elevado a definitivo.

Fornelos de Montes, 27 de outubro de 2016

**O ALCALDE**

**Emiliano Lage Rodríguez**

CONCELLO
DE
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

# PROXECTO DE ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR: CASAS DE BAÑOS, DUCHAS, PISCINAS, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E OUTROS SERVIZOS ANÁLOGOS

**Artigo 1.º Fundamento e natureza.**
En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por servizos de casa de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal de acordo coas normas previstas no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

**Artigo 2.º Feito impoñible.**
Constitúen o feito impoñible da Taxa a prestación dos servizos de casa de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos, especificados na tarifa testa taxa.

**Artigo 3.º Suxeito pasivo.**
Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

**Artigo 4.º Responsables.**
1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5.º Beneficios fiscais.**
Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

**Artigo 6.º Cota tributaria.**
A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

**Artigo 7.º Percepción.**
Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade.

**Artigo 8.º Liquidación.**
1. Cando se trate de servizos ou activades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presentar a solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou no momento posterior, pero sempre antes de prestar o servizo ou de realizar a actividade.

CONCELLO
DE
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

2. Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presentar a solicitude da prestación do servizo ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade.
3. Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

**Artigo 9.º Ingreso.**
O pagamento desta taxa realizarase:
1. Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de prestar o servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.
2. Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

**Artigo 10.º Infraccións e sancións.**
Nesta materia estarase ao disposto na lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

**Disposición adicional única.**
Cando existan os convenios de colaboración aos que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, do 28 de decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

ANEXO

1º A tarifa que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:

CONCEPTOS — EUROS

A. Acceso ao recinto da Piscina Municipal, por cada entrada: .................................2,00
(Os menores de 6 anos deben estar sempre acompañados de maiores de idade. Os menores de 3 anos están exentos de pago, pero ata os 4 anos non poden utilizar a piscina grande)

COUTAS DE TEMPORADA PARA EMPADROADOS NESTE CONCELLO:

B. Couta de temporada, menores de 15 anos:............................................. 30,00
C. Couta de temporada, desde os 15 anos: ............................................. 37,00
D. Couta de temporada para unidade familiar
(Parella rexistrada como tal ou empadroada conxuntamente desde mais de 10 anos e fillos menores de dezaoito anos)
Cun fillo.............................................................................55,00
Por cada fillo mais ............................................................. 10,00

COUTAS DE TEMPORADA PARA EMPADROADOS NOUTROS CONCELLOS:

E. Couta de temporada, menores de 15 anos:............................................. 40,00
F. Couta de temporada, desde os 15 anos: ............................................. 50,00

Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O
DE
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

G. Couta de temporada para unidade familiar
(Parella rexistrada como tal e fillos menores de dezaoito anos)
Cun fillo........................................................................................................75,00
Por cada fillo mais ................................................................................... 10,00

A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Fornelos de Montes, 20 de outubro de 2016
**O ALCALDE**

**Emiliano Lage Rodríguez**